

Biblioteca IES “As Mariñas”

María Mariño



ENDEREZOS DE PROVEITO

<http://www.diadasletrasgalegas.com/homenaxeados.php>

<http://bvg.udc.es/LetrasGalegas2007/index.html>

<http://www.realacademiagalega.org/letters/ViewHonoredFigure.do>

http://gl.wikipedia.org/wiki/Da_Das_Letras_Galegas

<http://www.17demaio.org/>

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=7>

<http://www.edugaliza.org/inicio/webquest/lq27>

<http://www.anosaterra.com/>

http://www.prazadasletras.org/monografico02_rosalia.pdf

<http://axendaaelg.blogaliza.org/2007/05/02/o-dia-das-letras-galegas-en-europa/>

Nacín o 8 de xuño de 1907, aínda que o meu afán de tirarme anos, leva a certa confusión. Fun a cuarta dos cinco fillos do zapateiro Xosé Mariño e da costureira Filomena Carou .

Eramos pobres, polo que nos tocou pouca escola e moito traballo. Eu e as miñas irmás aprendimos o oficio coa nosa paciente e agárimosa nai e cosiamos polas casas. Fun unha moza soñadora, paseaba e imaxinaba lugares, adentrábame naquel mar, na súa inmensidade e deixábame acariñar polas ondas.

Vivín en Escarabote, a onde nos trasladamos ao herdar o pazo das Torres de Goiáns os meus tíos, e alí atopei a miña verdadeira paixón: a lectura; sempre que tiña un anaco fuxia á biblioteca do pazo para perderme entre as follas daqueles libros. Vivín o horror da guerra en Biscaia e ao voltar notei as ausencias, os mortos, fuxidos e exiliados. Coñecín a Roberto Posse Carballido, meu futuro home, oito anos máis novo ca min, polo que modifiquei a data do meu nacemento; namoramos e casamos en maio do 39. Logo viaxei, seguindo nos seus destinos: Arzúa, Biscaia e o Courel. Tivemos un pequeno, Roberto, que se nos foi con só dous meses, e fiquei na maior das desolacións, sentíame baleira, rota e perdida. No 47 viviamos en Parada e alí coñecín o poeta do Courel, o meu querido Uxío Novoneyra, que renovou en min a alegría de

estar viva e con el adentreime no mundo da palabra, na creación e no 63 tiven na man o meu poemario *Palabra no tempo*, prologado por Otero Pedrayo. Xa irreversiblemente enferma, escribín *Verba que comeza*, que non cheguei a ver editada, porque en 1967 apágome e ropouso lonxe do mar, na montaña que pasei os últimos tempos.

Os críticos, neste centenario do meu nacemento en que acordaron revivir a miña memoria con esta homenaxe do Día das Letras Galegas, foron desvelando as miñas paixóns: a creación poética e o mar, o mar ...



O meu camiño hoxe
ten o mirar dun antonte.
Arrecenden os sendeiros
nas agras zoan as fontes.
Labrego afala ó seu gado.
Mide o tempo a súa ponte.
Aire quedo e tembrando.
Chove perto, chove lonxe.

Tiven medo de vogar,
tiven medo da auga crara.
Anque fora cuns bos remos
anque fora na mar calma,
non vogaba!, non vogaba!
O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.

Palabra no tempo

Letras Galegas



M. Antonio

Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frío
E ficamos nós sós
sin o Mar e sin o barco
nós.



E. Blanco Amor

Fonte do esquezo de amor
a florecer de feitizos,
¡afoga meu mal nos rizos
dos teus remuíños en flor!



A. Cunqueiro

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!
(...)
Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!



Rafael Dieste

Estreliña, vai á fonte. Estreliña,
vai á horata. Estreliña, vai á
escola... ¡Estreliña onte!
¡Estreliña hoxe! ¡Estreliña
mañán!

Celso Emilio Ferreiro



Chove, chove na casa do probe
e no meu corazón tamén
chove.

Mágoa da ferida allea.
Dor dos que están na cadea,,
dos que sofren a inxustiza
e viven baixo a cobiza.

Ánxel Fole

¿Sabedes cando se estreven
os lobos cos homes? Cando
teñen moita fame, ou cando se
decatan que lles teñen medo.
Por iso cáseque nunca atacan
a tres ou máis xuntos. Cando
se atopan un home soio pola
serra, póñense a traballalo.



Gonzalo L. Abente

E nos días de inverno, cando a
fera tormenta
desatada en furores enrabexada
alenta,
envolta no mantelo de vaporosa
bruma ...



Francisca Herrera Garrido

¡Nèveda, faguía pucheiriños!
Apertábasell'o biquiño,
enrugado, n´aquela
ocasión, como códea de
noceira vella; sospiraba,
quediño, tremando d'os
saloucos, como no-no fixera
unha muller anterga...



A. Iglesia Alvariño

A mar non sabe nada.
A mar é sólo unha
sombra amargue de cinzas
sin memoria,
un desolado peito, todo oco,
que zoupan as súas maus
poderosas e enrenchadas.



Lamas Carbajal

Arrólame cos ecos desa fala
que tan ben fai sorrir como
chorar;
múseca que os ouvidos non
regala,
das xentes doutro chan.



Do A ao Z

Meendinho, Codax, Joam de Cangas



Ai Deus, se sap'ora meu amigo
Com'eu senheira estou em
Vigo!

Antonio Noriega Varela



É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

Sin fatuidade urbana,
miranse naquel espello
as floriñas dun carpazo,
a ramaxe dun esvedro,
linda pastora de Anaigo,
i as esttrliñas do ceio.

Ramón Otero Pedrayo



conciencia galega.

Sobre a orixinalidade
galega creada na época céltica,
pasaron sucesivamente a
civilización romana, a cultura
germánica, o occidentalismo
creador da IdadeMedia, o
imperio español, a revolución
mecánica e ideolóxica do x. XIX.
Ningunha delas matou a

Luís Pimentel



¡Outra vez, outra vez o
terror!

Un día e outro día,
sen campás, sen
protesta.

Galicia ametrallada nas
cunetas
dos seus camiños.

Vicente Risco



Ti dís: Galicia é ben pequena. Eu
dígoche: Galicia é un mundo. Cada
terra é como si fora o mundo
enteiro.(...) Pode ela ser pequena
en extensión; en fondura, en
entidade, é tan grande como queiras.(...) Se o teu
pensar se detén na codia das cousas, es ti que
endexamais poderás concebir nada grande.

Luís Seoane

De alá saímos os senlleiros, os
inadaptados,

os condenados inxustamente,
os que procuran o pan,



Taramancos

Hoxe amiga quero soñarte
núa,Núa como un cristal na
escuridade.
É primavera en Noia, e a noite
será unha longa mina de
diamantes.



Antón Vilar Ponte

Pobo que recobra a súa lingua
recóbrase a si mesmo; pénsase
como se fala, e fálase como se
pensa. Cando morre un idioma
morre un pobo.



Xaquín Lorenzo "Xocas"

¡Tan doce era a xuntanza miña
e vosa,
de todos nós co mundo!
Facíamos un feixe de campos e
de estrelas,
e ó pisar ise chao que latexaba
sentíamos rubir pola sangue o
misterio. (Lorenzo Varela)



ROSALÍA

Homenaxeados

- 1963 [Rosalia de Castro](#)
1964 [Castelao](#)
1965 [Eduardo Pondal](#)
1966 [Francisco Añón Paz](#)
1967 [M. Curros Enríquez](#)
1968 [F. López Cuevillas](#)
1969 [A. Noriega Varela](#)
1970 [M. Valladares Nñez](#)
1971 [G. López Abente](#)
1972 [V Lamas Carvajal](#)
1973 [Manuel Laço González](#)
1974 [X. Vicente Viqueira Cortón](#)
1975 [X. M. Pintos Villar](#)
1976 [Ramón Cabanillas](#)
1977 [Antón Vilar Ponte](#)
1978 [A. López Ferreiro](#)
1979 [Manuel Antonio](#)
1980 [Alfonso X, O Sabio](#)
1981 [Vicente Risco](#)
1982 [L. Amado Carballo](#)
1983 [M. Leiras Pulpeiro](#)
1984 [Cotarelo Valledor](#)
1985 [A. Losada Diéguez](#)
1986 [A. Iglesia Alvariño](#)
1987 [Francisca Herrera Garrido](#)
1988 [R. Otero Pedrayo](#)
1989 [C. Emilio Ferreiro](#)
1990 [Luís Pimentel](#)
1991 [Álvaro Cunqueiro](#)
1992 [Fe. Bouza-Brey](#)
1993 [E. Blanco-Amor](#)
1994 [Luís Seoane](#)
1995 [Rafael Dieste](#)
1996 [Xesús Ferro Couselo](#)
1997 [Anxel Fole](#)
1998 [Martin Codax](#)
1999 [R. Blanco Torres](#)
2000 [Manuel Murquía](#)
2001 [Eladio Rodríguez](#)
2002 [Frei Martín Sarmiento](#)
2003 [Antón Avilés Taramancos](#)
2004 [Xaquín Lorenzo Fernández](#), "Xocas"
2005 [X. Lorenzo Varela](#)
2006 [Manuel Lugo](#)
2007 [María Mariño](#)

Nacín un 24 de febreiro de 1837. Meus pais foron un crego e unha fidalga, polo que figuro na partida de de bautizo como filla de pais "incógnitos" e, seguindo a lei da época, non pasei os primeiros anos con ningún deles, senón coas tías paternas en Ortoño. Iso durou pouco tempo, xa que miña nai non foi quen de vivir sen min e asumiu con agarimo o meu coidado e educación; esmerada para aqueles tempos, sendo eu muller.

A primeira mocidade paseina en Compostela e alí vivín soños, ilusións e tamén tiven contacto co sufrimento. Mostra disto foi ver os campesiños famentos que baixaron no inverno do 53 a Compostela, por ser aquel un ano de malas colleitas. Eses rostros desesperados ficarían en min e na miña obra. Logo fun vivir a Madrid e alí comecei a publicar as miñas obras. Casei con Murguía e foron chegando os nosos fillos e con eles ilusións, pero tamén os sufrimentos máis amargos; tiven que enterrar a Adriano e a Valentina. Vivín, si, rebeleime por veces, pero como muller non puiden fuxir da época que me tocou.

Residín en lugares moi distantes, ata poder retornar á miña Galicia e nela, na casa da Matanza de Padrón, funme tamén por outros da alma (males pro-




prios e alleos), ata que me apaguei, silenciada e incomprendida, en 1885, e reposei seis anos no cimiterio da Adina de Padrón, para logo seren os meus restos trasladados a Compostela.

Un século despois de ter eu publicado *Cantares gallegos*, comezou a conmemorarse os 17 de maio o Día das Letras Galegas, sendo eu a primeira homenaxeada.

A ROSALÍA

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vina tan sola
na noite sin fin, ¡
que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!
A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu. . .
Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

Curros Enríquez



*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos:
cando van, van como rosas:
cando vén, vén como negros.*

Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantito do meu peito.

Aquél máis que neve branco,
aquél de dosuras cheio,
aquél por quen eu vivía
e sin quen vivir non Quero.

Foi a Castilla por pan,
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

Grazas ao Departamento de Galego pola elaboración deste boletín.